

Reunida unha comisión de 4 persoas, das que dúas representan ao grupo Artigo9Tech e as outras dúas a Enxeñería Sen Fronteiras Galicia, o 24 de marzo de 2022 as 12:30 acórdase:

1. Teranse en conta os seguintes criterios de avaliación das propostas

	Peso na avaliación
A Compatibilidade coa convocatoria	70%
O axuste do proxecto ao concepto tecnoloxía para o ben común	
A participación de persoal da comunidade universitaria e da sociedade	
A visibilidade da actividade e as actividades de difusión previstas	
B A viabilidade técnica e económica do proxecto	20%
Viabilidade da obtención das actividades no tempo dispoñible	
Definición e distribución do presuposto	
C Necesidade da axuda para o desenvolvemento do proxecto	10%

2. As seguintes puntuacións

Propostas	Criterios			Puntuación	Comentarios
	A	B	C		
1 TALIONIS	9.5	9.5	9.75	9.53	Os gastos de persoal só son financiados no caso de bolsas de colaboración.
2 XOGANDO	6.5	9.5	9.25	7.38	O tribunal considera a proposta moi interesante dende un punto de vista de educación para o desenvolvemento e sensibilización. Sería conveniente que a proposta evolucionase no futuro cara ao desenvolvemento e uso de tecnoloxías máis apropiadas e materiais máis adecuados que podan ser utilizadas polas persoas destinatarias.
3 INVIT	8.25	5.25	8	7.63	Enténdese a necesidade da axuda para a realización dun viaxe de identificación, mais non quedan claro o alcance da proposta no conxunto do proxecto tendo en conta o tempo e a cuantía dispoñible. Os gastos de persoal só son financiados no caso de bolsas de colaboración.
4 ATOPA	10	7.75	8.25	9.38	Os gastos de persoal son financiados mediante bolsas de colaboración.
5 GymDSSAT	5.5	6	7.75	5.83	Non se trata, tal e como foi presentada, do que entendemos por tecnoloxía para o ben común o tecnoloxía apropiada no sentido estrito posto que ente outras razóns non é accesible á poboación beneficiaria. Bótase de menos tamén máis multidisciplinidade no equipo.

3. A financiación dos seguintes importes

Propostas	Importe solicitado	Importe financiado	Comentarios
1 TALIONIS	3,000 €	3,000 €	Os gastos deben axustarse aos descritos no orzamento presentado
2 XOGANDO	888 €	888 €	Os gastos deben axustarse aos descritos no orzamento presentado
3 INVIT	3,000 €	1,300 €	Financiaranse os gastos de viaxes e axudas de custo máis a bolsa para persoal técnico externo. Non se financiarán os outros gastos de persoal
4 ATOPA	1,500.44 €	1,500.44 €	Os gastos deben axustarse aos descritos no orzamento presentado
5 GymDSSAT	3,000 €	0 €	Esta proposta non recibirá financiación ao recibir a puntuación máis baixa e non poder financiar a totalidade das propostas

4. A resolución desta convocatoria publicarase na web do grupo Artigo9 Tech. Contactarase tamén nos próximos días cos e coas responsables das propostas para informarles dos trámites posteriores no caso de recibir financiación. A financiación proposta deberá ser aceptada ou rexeitada por escrito antes do 10 de abril de 2022.